

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILA DE CRUCES

Contratos administrativos

LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE NICHOS E PANTEÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL

ANUNCIO APERTURA DE PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓNS DE NICHOS E PANTEÓNS DO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILA DE CRUCES SITO NA ESTRADA DE TOIRÍZ.

De conformidade co disposto no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data de 7 de decembro de 2021, mediante o cal se aproba o expediente e o prego de condicións administrativas que rexen o procedemento de adxudicación, en réxime de concorrencia, de concesión de panteóns e nichos do cemiterio municipal de Vila de Cruces, publícase o seguinte anuncio:

1. ENTIDADE.

- a) Organismo: Concello de Vila de Cruces.
- b) Órgano competente: Xunta de Goberno Local.
- c) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Secretaría.
- d) Núm. Exp.: 727/2021.
- e) Dirección: Pr. Juan Carlos I s/n. 36590 Vila de Cruces – Pontevedra.
- f) Obtención de documentación e información:
 - Teléfono: 986 582017/95.
 - Fax: 986 582317.
 - Correo electrónico: secretariageneral@viladecruces.es
 - Taboleiro de Anuncios Electrónico: <https://viladecruces.sedelectronica.es/board>
- g) Data límite obtención documentación e información: ata o momento en que finalice o prazo de presentación de instancias, de luns a venres en horario de 08:00 a 14:00 horas na dependencia que tramita o expediente.



Xoves, 20 de xaneiro de 2022

Núm. 13

2. OBXETO.

- a) Concesión administrativa demanial.
- b) Obxecto: Nichos e panteóns do cemiterio municipal de Vila de Cruces.

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO.

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Concorrenza competitiva.
- c) Criterios de adxudicación: os estipulados na cláusula 7 do prego de condicións.

4. REQUISITOS DOS INTERESADOS.

Poderán optar á adxudicación de concesións sobre nichos e panteóns:

- Persoas físicas.
- Agrupacións de persoas físicas en réxime de cotitularidade, ao abeiro da lexislación civil, que deberán sinalar ante o Concello ao seu representante, de modo acreditado.

Quenes opten á concesión deberán reunir os seguintes requisitos:

- Plena capacidade de obrar.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación contractual como prohibitivas para contratar co sector público.
- Cumprir as limitacións e requisitos establecidos nos presentes pregos e demais normativa que, se é o caso, resulten aplicables.

8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

a) Prazo: Durante os trinta (30) días naturais dende a data de publicación do presente anuncio no BOPPO.

b) Lugar de presentación: Rexistro municipal de Vila de Cruces (Praza Juan Carlos I, s/n. 36590 Vila de Cruces. Pontevedra) ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas en horario de luns a venres dende as 08:00 ás 14:00 horas.

9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Segundo a cláusula 8ª, apartado d) do prego de condicións.



Xoves, 20 de xaneiro de 2022

Núm. 13

10. TARIFAS.

As tarifas corresponden á Ordenanza reguladora da Taxa de cementerio municipal, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 228 de data 27 de novembro de 2012.

- Epígrafe 1.1. Concesión de panteóns (3 nichos).
- Por cada nicho construído polo concello..... 1.194,80 €.

O ALCALDE. — LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

